



DO 18 DE OUTUBRO AO 3 DE DECEMBRO

coruna.gal/igualdade/festigual

A CORUÑA

FESTI=

Festival de Artes
pola **INCLUSIÓN**
Cultural

PROGRAMA FESTI=

18 Outubro_ Centro Cívico de Monte Alto . Hora: 19h.

Ciclo de Lírica Inclusiva // Amigos da Ópera da Coruña // Diego Neira, tenor de Arias de óperas, romanzas, zarzuela e cancións.

02 Novembro_ Centro Agora. Hora: 20h.

Ciclo de Lírica Inclusiva // Amigos da Ópera da Coruña // Orquesta Gaos con Francisco Corujo, tenor de Arias de óperas e romanzas de zarzuela.

07 Novembro_ Teatro Colón. Hora: 20.30h.

Diversos + Experimentadanza // Picasso: A Ollada nas Mans coa Banda de Música Municipal de A Coruña.

09 Novembro_ Centro Agora. Horas: 10 a 14h e 16 a 19.

Xornadas de Cultura Accesible e Inclusiva 2018: conferencias, mesas de debate e formación (*con inscrición previa*).

14 Novembro_ Museo de Belas Artes. Hora: 11h.

Asociación Participa // Ruta Inclusiva pola cidade con visita guiada ao Museo.

15 Novembro_ Teatro Rosalía. Hora: 19h.

La Quinta del Arte: Despertares // La Quintana Teatro: Desde lo Invisible.

15 e 22 Novembro_ C.C de Labañou. Horas: 16 a 17:30h.

A.C. Sen Animo de Nome // Obradoiro Biodanza con demostración final.

16 e 30 Novembro_ C.C. de Monelos. Horas: 18:30 a 20:30h.

A.C.C. Negus // Musi= Obradoiro de DJ Inclusivo.

19 e 26 Novembro_ C.C de Labañou. Horas: 19 a 20:30h.

A.C. Sen Animo de Nome // Obradoiro de poesía e lingua de signos con Jam final.

22 Novembro_ Sala de exposicións Salvador Madariaga. Hora: 19h.

Sociedade Filatélica// Inauguración da Exposición "*Centenario da inauguración do palacio municipal*" (*ata 09 de Decembro*).

29 Novembro_ Salón de Plenos do Concello 17:30h. e Teatro Rosalía 19:00h

Asoc Proxecto Máscaras // Pleno Temático: Presentación da Sitcom "*E do meu que?*" e posterior estrea no Teatro.

30 Novembro_ Museo de Belas Artes. Hora: 11h.

Asociación Participa // Ruta Inclusiva pola cidade con visita guiada ao Museo

PROGRAMA 2 de DECEMBRO

auditorio do centro ágora



MAÑÁ

- 11:00** Asoc. Tres x Cuatro // Rober Pier: Inauguración da Xorna da coas entidades.
- 12:00** Poten100Mos // Inauguración Exposición FTloE [unha visión de Beckett] de urza + Representación “Fuera Todo Lo Extraño”.
- 12 a 14** A.C. Zalaeta // Diseñando e Unindo Sons
- 12:30** A.C.C. Negus // Músicas en Igualdade.
- 12:30** Pallas@s en Rebeldía // O Valo.
- 13:30** A.C. Sen Animo de Nome // Mostra da Jam de Poesía e Lingua de Signos.

TARDE

- 17:00** Poten100Mos // Representación de Fuera Todo Lo Extraño.
- 17 a 19** A.C. FreakeMaccine // Proxección do filme Coherence e debate.
- 18:00** Demusicade // Concerto.
- 18:30** A.C.C. Negus // Músicas en Igualdade.
- 18:30** Contos con Lingua de Signos a cargo da FAPXG + Vero Rilo. “Unha casa á medida” e “¡No quiero verte más!”
- 19:30** A.C. Sen Animo de Nome // Mostra do Obradoiro de Biodanza.
- 20:00** Mercedes Peón: Déixaas-Tras os Muros.

A CORUÑA

FESTI=

Festival de Artes
pola **INCLUSIÓN**
Cultural

ASOCIACIÓN + ARTISTAS

Asociación Proxecto Máscaras

Máscaras preséntanos a sitcom “*E do meu que?*”. Unha serie na que abordaremos a inclusión na vida pública e social dende o humor e a ironía. FESTI= estrea o episodio piloto da nova serie de éxito.

Asociación Cultural para a Integración Social Diversos

Diversos preséntanos en coprodución con Experimentadanza e a Banda Municipal de Música da Coruña a obra Picasso: A Ollada nas Mans Circo, danza, teatro e música nunha obra de grande impacto visual e emocional.

Asociación Amigos da Ópera da Coruña


Co proxecto do Ciclo de Lírica Inclusiva a asociación achega a lírica a públicos e espazos pouco habituais, co obxectivo de fomentar a apreciación musical desta disciplina

Asociación Cultural Tres por Cuatro

Tres por Cuatro introdúcenos na música dun xeito participativo e inclusivo. O resultado é un fermoso concerto multitudinario que integra a actividade social e cultural .

Asociación Sociocultural La Quinta del Arte

A asociación preséntanos dúas obras sobre inclusión e diversidade no Teatro Rosalía: o Premio Max “*Desde Lo Invisible*” e a nova obra “*Despertares*”.



Asociación Cultural FreakMacine

A Asociación presenta o filme *Coherence* desenvolvendo ao redor da súa proxección un traballo de debate e reflexión en torno á inclusión.

Asociación Poten100mos

Poten100mos introduce a danza e a obra pictórica no programa. O artista urza exporá no Agora a súa obra "FTloE [unha visión de Beckett]" acompañada da peza de danza inclusiva "Fuera todo lo extraño".

Sociedade Filatélica da Coruña

A Sociedade expón a súa labor de achegar os selos e a filatelia á cidadanía na Sala de Exposicións Salvador Madariaga dende o 22 de Novembro ata o 09 de Decembro.

Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, FAXPG

Buscan alcanzar o desenvolvemento integra das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a Lingua de Signos Española (LSE) como valor principal.

Asociación sen ánimo de nome

Sen Animo de Nome presenta dous dos obradoiros incluídos no seu proxecto: "SenteArte Integra". Un programa participativo de obradoiros culturais e artísticos. No Festi= presentamos os seus traballos de "poesía e biodanza".

Asociación Demusicade

A Orquestra de Cámara Galega achega con este programa a música clásica a diferentes colectivos de persoas con discapacidade. Veremos un exemplo no Centro Agora o 02 de Decembro.

Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña

Co proxecto "*Un Museo en Movemento*" trasládase o seu contido ás persoas dificultades cognitivas ou de mobilidade.

Asociación Coruñesa Negus

Cos obradoiros inclusivos para DJs dáse acceso a esta disciplina a persoas sexan cales sexan as súas capacidades. Negus ademais dos obradoiros de formación amosáranos o resultado con orixinais picadas musicais igualitarias.

Asociación Cultural Zalaeta

Mesturando a música e a tecnoloxía a asociación preséntano o seu traballo no proxecto "*Deseñando e Unindo Sons*".

Asociación Participa

Participa achéganos un fermoso proxecto de Rutas Culturais Inclusivas: "*Arte para Coidarte*" é un xeito de coñecer, visitar e desfrutar as manifestacións culturais do entorno urbano.



Mercedes Peón

Déixaas – Tras os Muros

Tras unha intensa etapa de investigación sobre as posibilidades da arte sonora traída ao eido no que é un referente internacional, Mercedes Peón expande o seu universo sonoro e a súa visión poética. A forza de "*Deixaas*" transmite unha intensa pegada performativa. Con Monica de Nut e Ana Fernández. Mercedes achegará ao Agora un concerto moi especial para unha sinalada ocasión.

Pallas@s en Rebeldía

*O Valo*_ A partir do marabilloso texto de Carlos Labraña, merecedor do IX Premio Manuel María Literatura Dramática Infantil, Pallas@s en Rebeldía deciden crear e producir este espectáculo, coa crise das persoas refuxiadas de fondo, para convidar ao público infantil a reflexionar e tomar conciencia sobre esta problemática que estase a enquistar nas nosas fronteiras.

La Quintana Teatro

*Desde Lo Invisible*_ Galardoada co Premio MAX de Teatro Desde Lo Invisible pon sobre as táboas diferentes escenas relacionadas coa diversidade onde o riso, a emoción, a humanidade e a poesía flúen nunha experiencia na que o espectador é cómplice, observador, protagonista e interlocutor dunhas vidas que merecen ser contadas, dunhas vidas que merecen ser vividas.

Vero Rilo

Vero Rilo é unha das principais narradoras da escintilante nova fornada galega; creadora de proxectos como Daboapipa, Apatacón ou Rilo e Penadique mestura o mellor do tradicional coa innovación nas súas propostas..





ORGANIZAN

FESTI =

Independentemente das nosas condicións físicas ou cognitivas, reivindicamos o dereito ao pleno goce da cultura, queremos facer e desfrutar das manifestacións artísticas ou culturais fora do circuito terapéutico ou ocupacional.

O programa **Cultura Accesible e Inclusiva** favorece a inclusión e a accesibilidade das persoas na vida cultural e artística, excluindo calquera barreira ou impedimento que dea lugar á discriminación.

colaboran

